



RESOLUCIÓN DO XURADO DO XII PREMIO LUÍSA VILLATA A INICIATIVAS NORMALIZADORAS

O tribunal de selección, reunido o 11 de novembro de 2015, e formado polas seguintes persoas:

- a) Isabel Vaquero Quintela, técnica do Servizo de Normalización Lingüística da Universidade de Santiago de Compostela, presidenta
- b) Nel Vidal Barral, presidente da CTNL, vogal
- c) Beatriz Corral Sánchez, asesora técnica de dinamización lingüística da Secretaría Xeral de Política Lingüística, vogal
- d) Eva María Castro Figueiras, técnica da Área de Normalización Lingüística da Universidade de Vigo, vogal
- e) Marisol Ríos Noia, técnica do Servizo de Normalización Lingüística da Universidade da Coruña, secretaria

Decide, por unanimidade, conceder *ex aequo* o premio na modalidade Deseño dunha campaña de promoción da lingua galega aos traballos presentados baixo os lemas:

- *Sae do armario!*

A autoría deste traballo correspóndelle á Asociación de Estudantes por unha Economía Galega "Roi Xordo", da Facultade de Economía e Empresa da Universidade da Coruña.

- *Galieditación. Xornadas universitarias de formación e edición*

O autor deste traballo é Martín Vázquez Fernández, do Programa de Doutoramento en Lingüística da Universidade de Santiago de Compostela.

O xurado decide, por unanimidade, deixar deserto o premio na modalidade Premio a unha idea para a promoción do galego.

A secretaria

Marisol Ríos Noia

Visto e prace

A presidenta



Isabel Vaquero Quintela